

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DOUTOR SUÁREZ
CURSO: 6º
MATERIA: Ciencias Naturais
DEPARTAMENTO: Ciencias Naturais
DATA: 13 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: - Reino animal. - Reino das plantas. - Reino dos fungos. - Outros reinos.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.
B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.

B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia	CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia	CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación sistemática das tarefas, listas de control do traballo do alumnado.
	Instrumentos: valoración de cuestionarios e fichas interactivas, listas de control das tarefas escritas e pequenos proxectos.
Cualificación final	Mediante a media aritmética do 1º e 2º trimestre e se terá en conta positivamente o traballado durante o 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p> <p>B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.</p> <p>B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.</p> <p>B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p> <p>B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.</p> <p>B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida de información e análise das investigacións. - Realización de experimentos e análise dos resultados obtidos. - As funcións vitais do corpo humano. - Estrutura dos seres vivos. - Propiedades da materia. - Aportación das máquinas á vida do ser humano.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación sistemática

	das tarefas e valoración de probas específicas de recuperación a través de listas de control.
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realizaremos actividades de reforzo e repaso nas que traballaremos contidos da primeira e segunda avaliación a través de fichas, cuestionarios, actividades interactivas, xogos on line e tarefas escritas.</p> <p>Ampliaremos os contidos xa adquiridos polo alumnado deseñando actividades que poidan ser desenvolvidas de forma autónoma a partir de vídeos explicativos, esquemas, fichas, actividades interactivas e pequenos experimentos.</p> <p>As actividades de recuperación serán específicas e persoais en forma de probas escritas mediante o correo electrónico.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Xa que todo o meu alumnado dispón de conectividade, uso un blogue como ferramenta principal para colgar as actividades diariamente e información relevante. Ademais usamos diariamente o correo electrónico como medio de comunicación coas familias e alumnado, envío de tarefas, seguimento e correccións persoais. Tamén uso o teléfono móbil en casos excepcionais.</p> <p>A metodoloxía ten un marcado carácter lúdico e interdisciplinar. A flexibilidade é clave nestas circunstancias, sendo o alumnado quen marca o ritmo de traballo.</p>
Materiais e recursos	<p>Ordenador e/ou teléfono móbil para comunicarse, enviar fotos e vídeos das tarefas e consultar o blog, correo electrónico, vídeos, dicionarios, páxinas web, xogos interactivos, aínda que todas as actividades están deseñadas para poderse facer co caderno, lapis e material caseiro.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través do blog, o correo electrónico e, en casos excepcionais, o teléfono móbil.
Publicidade	Na páxina web do centro.